

REGULAMENTO

Para o bo funcionamento da biblioteca é preciso respectar unhas normas básicas:

Gardar silencio nas zonas de lectura e falar baixo nas demais.

Apagar os teléfonos móbiles.

Manter o fondo ordenado.

Repoñer os materiais que extravíen ou danen e velar pola integridade dos fondos da biblioteca, que son patrimonio de todos.

Non sacar da Biblioteca ningún documento sen efectuar previamente o préstamo ou solicitar o permiso da dirección.

Non introducir bebidas nin comidas.

Deixar os bolsos de gran tamaño, mochilas e maletas nos armarios que hai na entrada da biblioteca.

Non se permite a reserva de postos de lectura. A ausencia do posto de consulta por un espazo de tempo superior a 20 minutos dá dereito a calqueira persoa a ocupar o posto. A Biblioteca non se encargará de controlar nin xestionar estas ausencias.

Non se permite mover as cadeiras do seu emprazamentosen permiso do persoal bibliotecario.

A sala infantil é para uso exclusivo dos nenos e nenas menores de 14 anos e

acompañantes. As nenas e nenos de ata 7 anos deberán estar na sala acompañados dun

adulto en todo momento. O *Recuncho dos bebés* é para menores de 4 anos e acompañantes.

O visionado de películas cos aparatos reprodutores (DVD e Blu-ray) do 2º andar regúlase coa normativa para o visionado de películas no 2º andar.

DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

[Normativa da sala infantil public://documents/paxina/normativasalainfantil_0.pdf](public://documents/paxina/normativasalainfantil_0.pdf)

[Normas para o uso dos reprodutores de DVD e Blu-ray](public://documents/paxina/normas_para_o_visionado_de_películas_nos_reprodutores_do_2o_andar_1.pdf)

public://documents/paxina/normas_para_o_visionado_de_películas_nos_reprodutores_do_2o_andar_1.pdf